



Ariana Cajarville Chacón, secretaria suplente do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha OPERARIO/A SOLDADOR/A (Extpe 2024/PSEL000003)

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9.00 horas do día 19/08/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **ACTA NÚMERO- 4 RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN DA PROBA PRÁCTICA, PRESENTADA POLO ASPIRANTE MANUEL BRIÓN CALO "**

(.....) Estudada a referida alegación polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación presentada por Manuel Brión Calo polos motivos seguintes:

A realización da proba práctica consistía en cortar e soldar unha peza a 90 grados. A soldadura debía quedar á vista, sen pulir puntuándose a proba mesma da seguinte maneira:

- EPI: 2 puntos.
- Preparación do material: 1 punto.
- Corte: 5 puntos.
- Soldadura: 5 puntos.
- Resultado final: 5 puntos.

Así, unha vez revisada polo tribunal cualificador a puntuación que se lle outorgou ao aspirante, non se atopa ningún erro en relación coa puntuación outorgada na proba práctica polos seguintes motivos :

- EPI: Puntúase coa puntuación máxima de 2 puntos, o aspirante puxo a máscara, unha pantalla, un gorro, un mandil e as luvas.
- Preparación do material: Puntúase coa puntuación máxima, 1 punto, xa que a preparación do material fíxose correctamente
- Corte: Puntúase con 3 puntos: A soldadura está cortada a escuadra pero a orientación non é a máis funcional, sería máis adecuado un corte en inglete.
- Soldadura: Puntúase con 4 puntos. As dúas caras da soldadura non están correctas. Falta material de aporte nalgún punto da soldadura.
- Resultado final: Puntúase con 4 puntos. A xeometría buscada para a soldadura non é a máis lóxica, non sendo o resultado final da peza obtida a máis adecuada.

Puntuación Total: 14 PUNTOS.

SEGUNDO.-Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da reclamación presentada.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

TERCEIRO.- Ratificar a puntuación outorgada na proba práctica, a cualificación total final e a formación da bolsa de emprego, referidas na acta número 3, asinada polos membros deste Tribunal Cualificador.

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. Alcalde - presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ao pé deste documento. A secretaria suplente do tribunal avaliador, Ariana Cajaraville Chacón.



FIRMANTE - FECHA

ARIANA CAJARAVILLE CHACON - 21/08/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/08/2024 09:43:15

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000003

Fecha: 23/01/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

